

MEMORIA XUSTIFICATIVA

AMPLIACIÓN DO IES FRANCISCO ASOREY DE CAMBADOS (Pontevedra). Xustificación da necesidade.

I.1 Os datos de alumnado no IES Francisco Asorey de Cambados (Pontevedra).

A evolución do alumnado matriculado no IES ven sendo positiva, como demostran os seguintes datos:

Nº de alumnos matriculados. Centro: 36019396-IES Francisco Asorey. Cursos 2009/2010 a 2013/2014. Cursos 2014/2015. 2015/2016

Nome	Concello	Ensinanza	Curso	Curso	Curso	Curso	Curso	Curso	Curso
			2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016
IES Francisco Asorey	Cambados	Educación secundaria para persoas adultas	35	49	23	16	22	21	13
		Bacharelato	93	105	92	91	112	115	105
		Ciclos formativos	124	129	135	159	151	166	172
		Educación secundaria obrigatoria	316	318	316	310	300	316	303
		Programas de cualificación profesional inicial	12	12	29	35	37	13	
			580	613	595	611	622	631	593

Sendo especialmente relevante en Formación Profesional, onde se pasou de 124 a 172 alumnos dende o curso 2009/2010 á actualidade.

I.2. Xustificación da necesidade.

Segundo informe motivado do servizo de Inspección Provincial, os espazos que se proxecta construír *son necesarios para posibilitar a impartición das ensinanzas novas que ten o centro ao incorporarse as ensinanzas de FP Básica Informática de Oficina. Ademais no pasado máis recente, o ciclo formativo de GM Xestión Administrativa pasou a converterse en ciclo LOE, de impartirse nun ano, a ter que ser cursado en dous anos. Todo isto, require unha reorganización de espazos do centro para poder dispor dos espazos necesarios para todas as ensinanzas das que dispón o centro.*

Con respecto aos espazos requiridos, temos que para o Ciclo de FP Básica de Informática de Oficina, os espazos requiridos segundo o Decreto 107/2014 son:

- 1) Aula polivalente de 60 m² cun grao de utilización do 50%.
- 2) Taller administrativo de 90 m² cun grao de utilización do 20%.
- 3) Taller de informática e comunicacións de 90 m² cun grao de utilización do 25%.

Se comprobamos os outros espazos requiridos ao centro e o grao de utilización que fixan os decretos polos que se aproban os correspondentes títulos, temos que:

- 1) É necesario dotar ao centro dunha aula polivalente, xa que ao incorporar o dito ciclo de FP Básica, o grao de utilización da actual aula polivalente supera o 100%.
- 2) O resto son aulas específicas deste ciclo, o que xustifica a súa existencia.

Finalmente, e debido á reorganización de espazos que se fai no centro, é necesario situar na zona nova a construír un espazo que será empregado por orientación co alumnado que atende o PT que sae da aula.

En total o número de alumnos e alumnas que se beneficiarán directamente das obras realizadas serán 125.

1.3. Descrición da actuación.

As obras consistirán na ampliación do centro para implantación da FP Básica e adaptación dos ciclos profesionais a 2000 horas coa implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Así mesmo, levaranse a cabo distintas melloras nas instalacións existentes na totalidade do centro educativo.

Distínguense catro fases na actuación:

- 1º Actuacións previas consistentes nun estudo de viabilidade estrutural para incremento dunha planta na edificación existente.
- 2º Demolición dunha parte da cuberta existente para proceder á construción de novos espazos destinados a aulas e espazos polivalentes.
- 3º Ampliación en planta alta coa construción de 2 aulas polivalentes, 3 aulas taller e 2 aulas de desdobre, en total 7 novas aulas, ademais de aseos adaptados para o profesorado e almacén de limpeza, nun total de 656,90 m².
- 4º A actuación esixirá ademais a adaptación das instalacións de protección contra incendios existente e o redimensionamento da instalación de calefacción.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2016

O secretario xeral técnico,

Jesús Oitavén Barcala